

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 28 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos universitarios no ano 2015 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, regula o dito sistema, con respecto á autonomía universitaria, no marco do Sistema universitario español e do Espazo Europeo de Educación Superior.

No artigo 108.1 da referida lei establécese que, sen prexuízo das competencias do Estado, a Xunta de Galicia articulará unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo e á investigación, mediante convocatorias anuais, para garantir que todo o estudantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolverlos sen ser excluído por razóns económicas.

No ámbito da súa competencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, desenvolve anualmente diversas liñas de axuda ao alumnado de ensino universitario encamiñadas a favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

A promoción, desenvolvemento e mellora da calidade do Sistema universitario de Galicia implica tamén apreciar e incentivar a excelencia académica dos seus estudantes como aposta de futuro do noso país. Esa implicación é a que leva á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a seguir recoñecendo o esforzo, traballo e dedicación do alumnado que remata os estudos universitarios cunha excelente traxectoria académica convocando cada ano os premios fin de carreira.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publi-



cidade na concesión de axudas e subvencións e no establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, e ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e ao Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma para galardoar os/as estudantes do Sistema universitario de Galicia que remataron brillantemente os seus estudos cun recoñecemento de carácter oficial que ao mesmo tempo comporte unha dotación económica.

2. Os premios fin de carreira regulados nesta orde convócanse en réxime de concorrencia competitiva e están destinados aos/ás alumnos/as que, contando co mellor expediente académico de entre as persoas solicitantes, rematasen os estudos universitarios conducentes a unha titulación oficial de grao, licenciatura, enxeñaría, arquitectura, diplomatura, mestre, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica, no curso académico 2014/15 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

Artigo 2. *Orzamento*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financiará estes premios con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, cunha contía global de 222.500 euros, sen prexuízo de poder ser incrementados de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias da Consellería, de conformidade cos supostos recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 3. *Período e dotación do premio*

1. Para os efectos desta orde, entenderase por curso académico o período comprendido entre o 1 de setembro de 2014 e o 30 de setembro de 2015.



2. Os/as premiados/as recibirán unha dotación económica dun máximo de 2.500 euros e un diploma acreditativo desta distinción.

Artigo 4. *Requisitos dos/das solicitantes*

Poderá solicitar estas axudas o alumnado universitario que cumpra os seguintes requisitos:

a) Ter cursado integramente os estudos da titulación universitaria pola que opta ao premio nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

b) Ter unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 8,50 puntos, para o alumnado das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde; e 7,50 puntos, para o alumnado da rama de Enxeñaría e Arquitectura.

c) En ningún caso o 1º ciclo dunha titulación das establecidas na Lei de reforma universitaria (LRU) poderá servir de base para a concesión de máis dun premio fin de carreira.

d) Aqueles/as alumnos/as que xa obtiveron un premio fin de carreira da Comunidade Autónoma en anteriores convocatorias, non poderán obtelo de novo.

e) Só se poderá recibir un premio por persoa. Nos programas de simultaneidade de estudos, a persoa que resulte seleccionada para recibir un premio fin de carreira nas dúas titulacións cursadas deberá escoller en que grao desexa recibir o premio e o diploma acreditativo, sinalando a súa opción no punto correspondente do anexo I desta orde.

Artigo 5. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado ED415A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatu-



ra admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. As solicitudes serán subscritas directamente pola persoa interesada ou pola persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

3. Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Xunta de Galicia dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas, en todo momento, polas persoas solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán dirixirse ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico 012@xunta.es

Se as dúbidas están relacionadas coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico orientacion.sug@edu.xunta.es

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 6. *Documentación que hai que presentar*

1. Xunto coa solicitude (anexo I, modelo normalizado ED415A), deberá achegar:

a) Copia do DNI ou do NIE cando o/a solicitante non autorice a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os seus datos no Sistema de verificación de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

b) Certificación académica oficial completa emitida pola universidade correspondente, na cal se fará constar a nota media do expediente académico, obtida de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración subscrito o 27 de xuño de 2011 entre a



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos, cuxa publicación no DOG foi acordada pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro).

Os/as alumnos/as que cursaron estudos de 2º ciclo (licenciatura, arquitectura e enxeñaría) por accederen desde unha titulación de 1º ciclo ou desde o 1º ciclo doutra titulación, deberán enviar ademais unha copia da certificación académica oficial relativa ao primeiro ciclo realizado. Igualmente, os/as alumnos/as que cursasen estudos oficiais de grao por accederen desde unha titulación de primeiro ciclo ou primeiro e segundo ciclo, deberán presentar unha copia da certificación académica oficial completa na cal se inclúa o recoñecemento dos créditos das materias cursadas nestes.

c) Copia do título universitario oficial español ou documento que legalmente o substitúa no caso de non autorizar a súa consulta.

2. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que son auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro



3. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Instrución do procedemento e exposición de listaxes provisionais para emenda de solicitudes e documentación

1. A Secretaría Xeral de Universidades, rematado o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada polas persoas solicitantes, exporá as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas, sinalando os motivos de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nas súas xefaturas territoriais e nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas. Así mesmo, poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: www.edu.xunta.es/ na epígrafe de Ensinanza/Universidade.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de reclamación de dez días e, durante ese prazo, poderán emendar erros e a falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades, e achegarán, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden os erros ou se achegue a documentación preceptiva, considerase que o/a interesado/a desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. Comisión avaliadora

1. A comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a: o titular da Secretaría Xeral de Universidades ou a persoa en quen delegue.

Vogais: dous/dúas representantes da Secretaría Xeral de Universidades.

Secretario/a: a xefa do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, que actuará con voz e voto.



2. A comisión avaliadora, para o exercicio das súas funcións, poderá contar co asesoramento de expertos/as na materia obxecto da convocatoria.

3. Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/ha dos/as compoñentes non pode asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da Secretaría Xeral de Universidades.

Artigo 9. *Criterios de avaliación*

1. A selección das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria será realizada pola comisión avaliadora atendendo ao expediente académico coa cualificación da nota media máis alta obtida polo/a alumno/a en cada unha das distintas titulacións establecidas na LRU (licenciatura, enxeñaría, arquitectura, diplomatura, mestre, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica), ou as titulacións de grao implantadas no Sistema universitario de Galicia segundo a táboa incluída nesta orde.

2. No caso de que unha titulación de grao compita con máis dunha titulación LRU, ou unha titulación LRU compita con máis dunha titulación de grao, segundo a táboa de titulacións incluída nesta orde, obterá o premio a titulación coa nota media máis alta.

3. A nota media calcularase de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito o 27 de xuño de 2011, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos, cuxa publicación no DOG foi acordada pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro).

4. En caso de empate na nota media do expediente académico entre varias persoas solicitantes, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación:

- 1ª. Menor número de suspensos.
- 2ª. Maior número de matrículas de honra.
- 3ª. Maior número de sobresalientes.
- 4ª. Maior número de notables.



Artigo 10. Proposta de resolución

Unha vez efectuada a selección, a comisión avaliadora elevará, a través da Secretaría Xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a adxudicación dos premios mediante a correspondente resolución.

Artigo 11. Resolución

1. A resolución terá o seguinte contido:

- a) Listaxe de beneficiarios/as dos premios e a contía destes.
- b) Listaxe das persoas que non obtiveron premio.

2. Para os efectos establecidos no artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de cinco meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. A resolución de concesión dos premios publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es>) pola que se entenderán notificadas para todos os efectos as persoas solicitantes, de conformidade co artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Artigo 12. *Pagamento*

O aboamento dos premios farase efectivo mediante libramento único e directo na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria.

Artigo 13. *Obrigas das persoas beneficiarias*

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria e a obriga de:

1. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como da Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Acreditar mediante certificación que se está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura dentro do anexo I desta orde, segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 14. *Compatibilidade, modificación e reintegro dos premios*

1. Estes premios son compatibles con outros premios, bolsas e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación do premio e do seu reintegro, total ou parcial, pola persoa beneficiaria, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A obtención do premio falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que impedirían a súa concesión, constituirá causa determinante de revogación do premio e do seu reintegro polo/a beneficiario/a, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e logo da tramitación establecida no artigo 77 e seguintes do Regulamento da Lei 9/2007, aprobado polo Decreto 11/2009, do 9 de xaneiro.



Artigo 15. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

3. De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido desta convocatoria será publicado na Base de datos nacional de subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Artigo 16. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordena-



ción Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxu@edu.xunta.es

Disposición adicional primeira. *Réxime sancionador*

As persoas beneficiarias dos premios quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Impugnación da orde*

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase o titular da Secretaría Xeral de Universidades para ditar, dentro das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Táboa de titulacións

Grao	Titulacións LRU
En Administración e Dirección de Empresas	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas
En Arquitectura En Estudos de Arquitectura	Arquitectura
En Arquitectura Naval En Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque En Enxeñaría Naval e Oceánica	Enxeñaría Técnica Naval, esp. en Estruturas Mariñas Enxeñaría Técnica, esp. en Propulsión e Servizos do Buque
En Arquitectura Técnica	Arquitectura Técnica
En Belas Artes	Licenciatura en Belas Artes
En Bioloxía	Licenciatura en Bioloxía
En Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	
En Ciencia Política e da Administración	Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración
En Ciencias Ambientais	
En Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
En Ciencias da Cultura e Difusión Cultural En Humanidades	Licenciatura en Humanidades
En Ciencias do Mar	Licenciatura en Ciencias do Mar
En Ciencias Empresariais	Diplomatura en Ciencias Empresariais
En Comercio	
En Comunicación Audiovisual	Licenciatura en Comunicación Audiovisual
En Consultoría e Xestión da Información	
En Dereito	Licenciatura en Dereito
En Dirección e Xestión Pública	Diplomatura en Xestión e Administración Pública
En Economía	Licenciatura en Economía
En Educación Infantil En Mestre de Educación Infantil	Mestre, especialidade de Educación Infantil
En Educación Primaria En Mestre de Educación Primaria	Mestre, especialidade de Educación Musical Mestre, especialidade de Lingua Estranxeira Mestre, especialidade de Educación Primaria Mestre, especialidade de Educación Especial Mestre, especialidade de Educación Física Mestre, especialidade de Audición e Linguaxe



Grao	Titulacións LRU
En Educación Social	Diplomatura en Educación Social
En Enfermaría	Diplomatura en Enfermaría
En Enxeñaría Agraria En Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias En Enxeñaría Agrícola e Agoalimentaria En Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural	Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. en Industrias Agrarias e Alimentarias Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. en Mecanización e Construcións Rurais Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. Explotacións Agropecuarias Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. Hortofruticultura e Xardinaría
En Enxeñaría Civil En Enxeñaría de Obras Públicas En Tecnoloxía da Enxeñaría Civil	Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, esp. en Transportes e Servizos Urbanos Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, esp. en Construcións Cívicas
En Enxeñaría da Enerxía	
En Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais En Enxeñaría en Química Industrial En Enxeñaría Química	Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Química Industrial
En Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, esp. en Sistemas de Telecomunicación Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, esp. en Son e Imaxe
En Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	
En Enxeñaría Eléctrica	Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Electricidade
En Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial
En Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática En Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Electrónica Industrial
En Enxeñaría en Organización Industrial	
En Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	
En Enxeñaría Forestal En Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	Enxeñaría Técnica Forestal, esp. en Industrias Forestais
En Enxeñaría en Xeomática e Topografía	Enxeñaría Técnica en Topografía
En Tecnoloxías Mariñas	Diplomatura en Máquinas Navais
En Enxeñaría Informática	Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas



Grao	Titulacións LRU
En Enxeñaría Mecánica	Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Mecánica
En Náutica e de Transporte Marítimo	Diplomatura en Navegación Marítima
En Lingua e Literatura Españolas En Español: Estudos Lingüísticos e Literarios En Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	Licenciatura en Filoloxía Hispánica
En Farmacia	Licenciatura en Farmacia
En Estudos de Galego e Español En Galego e Portugués: Estudos lingüísticos e literarios En Lingua e Literatura Galegas	Licenciatura en Filoloxía Galega
En Filoloxía Clásica	Licenciatura en Filoloxía Clásica
En Filosofía	Licenciatura en Filosofía
En Física	Licenciatura en Física
En Fisioterapia	Diplomatura en Fisioterapia
En Historia En Xeografía e Historia	Licenciatura en Historia
En Historia da Arte	Licenciatura en Historia da Arte
En Información e Documentación	Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación
En Inglés: estudos lingüísticos e literarios En Linguas Estranxeiras En Lingua e Literatura Inglesas	Licenciatura en Filoloxía Inglesa
En Matemáticas	Licenciatura en Matemáticas
En Lingua e Literatura Modernas	Licenciatura en Filoloxía Alemá Licenciatura en Filoloxía Francesa Licenciatura en Filoloxía Italiana Licenciatura en Filoloxía Portuguesa Licenciatura en Filoloxía Románica
En Logopedia	Diplomatura en Logopedia
En Medicina	Licenciatura en Medicina
En Nutrición Humana e Dietética	
En Odontoloxía	Licenciatura en Odontoloxía
En Óptica e Optometría	Diplomatura en Óptica e Optometría
En Pedagogía	Licenciatura en Pedagogía
En Podoloxía	Diplomatura en Podoloxía
En Psicoloxía	Licenciatura en Psicoloxía



Grao	Titulacións LRU
En Publicidade e Relacións Públicas	Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas
En Química	Licenciatura en Química
En Relacións Laborais e Recursos Humanos	Diplomatura en Relacións Laborais
En Socioloxía	Licenciatura en Socioloxía
En Terapia Ocupacional	Diplomatura en Terapia Ocupacional
En Traballo Social	Diplomatura en Traballo Social
En Tradución e Interpretación	Licenciatura en Tradución e Interpretación
En Turismo	Diplomatura en Turismo
En Veterinaria	Licenciatura en Veterinaria
En Xeografía e Ordenación do Territorio	Licenciatura en Xeografía
En Xornalismo	Licenciatura en Xornalismo
En Xestión de Pequenas e Medianas Empresas	
	Enxeñaría Agrónoma
	Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
	Enxeñaría de Minas
	Enxeñaría de Montes
	Enxeñaría de Organización Industrial
	Enxeñaría de Telecomunicación
	Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial
	Enxeñaría en Informática
	Enxeñaría Industrial
	Enxeñaría Naval e Oceánica
	Enxeñaría Química
	Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
	Licenciatura en Documentación
	Licenciatura en Máquinas Navais
	Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo
	Licenciatura en Psicopedagogía





XUNTA DE GALICIA

ANEXO I

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO PREMIOS FIN DE CARREIRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ALUMNADO UNIVERSITARIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED415A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS ACADÉMICOS

REMATOU OS ESTUDOS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE

UNIVERSIDADE CURSO ACADÉMICO

REMATOU O PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS PARA A OBTENCIÓN DOS TÍTULOS DE

UNIVERSIDADE CURSO ACADÉMICO

NO CASO DE RESULTAR FINALISTA NOS DOUS GRAOS OPTO POR:

GRAO EN

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	ESTADO (1)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: xk8p4dk3-1ya4-zxt9-c2u9-y95w7ivhobd6



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

- (1) No caso de estar pendente de resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA.
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que se compromete a comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado, a partir desta declaración.
7. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Que se compromete a manter os ditos requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito, de maneira que se durante este período deixa de cumprir algún dos requisitos detallados na declaración comunicarllo ao órgano xestor.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Certificación académica oficial completa emitida pola universidade correspondente.
- Certificación académica oficial do primeiro ciclo, se a persoa solicitante realizou estudos de 2º ciclo (licenciatura, arquitectura e enxeñaría) accedendo desde unha titulación de 1º ciclo ou desde o 1º ciclo doutra titulación.
- Certificación académica oficial completa na cal se inclúa o recoñecemento dos créditos, se a persoa solicitante realizou estudos oficiais de grao accedendo desde unha titulación de primeiro ciclo ou primeiro e segundo ciclo.
- Título universitario oficial español ou documento que legalmente o substitúa, só no caso de non autorizar a consulta.

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de títulos universitarios que constan en poder do Ministerio de Educación, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxu@edu.xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 28 de xuño 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos universitarios no ano 2015 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Secretaría Xeral de Universidades

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

